

Convocatoria de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación – Curso 2024/2025 – Liña 1 - Comedores

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 27 de marzo de 2024 e publicadas no BOP nº 74 de 16 de abril de 2024.

Obxecto.- Axudas destinadas aos estudantes dos niveis obrigatorio e non obrigatorio matriculados en centros sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos definidos nas Bases.

Persoas destinatarias.- As persoas destinatarias son as que se concretan nas bases para a presente liña de axudas.

Contía.- O importe total destinado a esta liña de axudas é de 200.000,00 €, gasto imputable á partida 320.48903 da anualidade 2025.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a esta liña de axudas.

Prazo de presentación.- O prazo de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña e rematará o 2 de setembro de 2024.